

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DATA 9 DE SETEMBRO DE 2021

Ás 10:10 horas do día 9 de setembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 6 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2 e 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (87.033-250)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.
 2. TOCA SALGADO, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:26	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A244-51D63D-2BD9EH-92LAHK-SAPP81-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (87.033-250)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% desconto a aplicar aos prezos unitarios do cadro de prezos do Capítulo I do orzamento recollido no Anexo IV do PPT	Redución do tempo de resposta no servizo para a retirada dos residuos non perigosos
1	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.	13,24%	36 horas
2	TOCA SALGADO, S.L.	5%	24 horas

Os licitadores non presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Xaquín López Serantes, con DNI ****.71.94***, en representación de TOCA SALGADO, S.L. e D. César Alonso Rodríguez, con DNI ****.02.00***, en representación de GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Conceder un prazo de tres días a GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. e TOCA SALGADO, S.L. para que presenten o orzamento detallado esixido na cláusula 14.2.C) e apartado 6B do Anexo I -FEC-.
- Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación informa que con data do 2 de setembro de 2021 se notificou a resolución de clasificación co requirimento de documentación a GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3) , que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da documentación presentada a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días aos dous licitadores para que poidan emendar a documentación presentada:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:26	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A244-51D63D-2BD9EH-92LAHK-SAPP81-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



1. GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2): deberá acreditar a solvencia técnica de conformidade co esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP ("Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación". Aclárase que os certificados de boa execución que achega (Concello de Ciudad Real e Concello de Valladolid) non están asinados e o do Concello de Oviedo é por importe inferior ao esixido.

2. ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3): deberá acreditar a solvencia económica de conformidade co esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP ("Acreditarse por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito") e presentar o anexo IV do PCAP.

b) Procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" (25.172-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" (25.172-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- *Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:26	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A244-51D63D-2BD9EH-92LAHK-SAPP81-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2º.- Aprobado o Prego de prescricións técnicas de 14/05/2021 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 11/06/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa" por procedemento aberto.

3º.- Aprobado o gasto por importe de 175.500,00.-€ ivo incluído (correspondendo 11.250,00 euros na anualidade de 2021, 58.500,00 euros na anualidade de 2022, 58.500,00 euros na anualidade de 2023 e outros 47.250,00 euros na anualidade de 2024) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa" por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.11 do Programa Educativo "Vigo Educa". O valor estimado do contrato estipúlase en 212.732,00.-€

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" (25.172-332) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L.	94,50
2	AUTOCARES IGLESIAS, S.L.	89,32
3	SERVICIOS DE AUTOBUSES LAR, S.L.	87,02
4	AUTOS GONZÁLEZ, S.L.	83,63
5	VIAJES MELYTOUR, S.L.	83,30
6	UTE DMGUEZ-UNIÓN-INDUSTRIAL-CASTROMIL	43,62

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L. (B-36.046.530), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar estar en posesión da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:26	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A244-51D63D-2BD9EH-92LAHK-SAPP81-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., o día 20 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 2 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor do 2 de agosto de 2021 e do informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de datas 10 e 11 de agosto.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:26	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A244-51D63D-2BD9EH-92LAHK-SAPP81-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Adxudicar a EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L. (B-36.046.530) o procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" (25.172-332) por un prezo total de 175.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.954,55 euros e un prezo unitario por viaxe de ida e volta dos desprazamentos escolares de 69,99 euros (IVE incluído).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:26	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A244-51D63D-2BD9EH-92LAHK-SAPP81-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		